**I.E.S. “XELMIREZ II”**

**DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**Curso 2021 - 2022**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
ADAPTADA AO COVID-19

1. Introdución e contextualización
Todapersoavesenaobrigadeenfrontarunhagran diversidadedesituaciónsdecarácter económico,xaquedebetomarmultitudededecisiónscomo consumidora,traballadora, empresariaou aforradora,emoitasdestasdecisiónsteñen unhagran transcendenciaparaasúa vidapersoalefamiliar.

Xunto aestadimensión persoal,osproblemaseconómicostamén teñen unhaclaradimensión social.Ainflación,o paro,o déficitpúblico,aglobalización son temasdedebatenasociedade actualeobxecto dediversaspropostasporpartedosdiferentesgrupossociaisepolíticos.Para podervalorardeformarazoadaestaspropostasetomarposturaanteelascómpredispoñer dunhaformación económicabásica.

Características específicas que poden servir para contextualizar o ámbito de traballo no
Departamento Economía do IES Xelmirez II..

ODepartamento contacon dousprofesores,dosque só un ten destino definitivo.

PROFESORADO MATERIAS/HORAS
TOTAIS
HORAS/MATERIAS
Ana Pardo Rei
(XD)
Economía da empr. 2º
Bach

12 Horas

Economía 4º ESO

6 Horas

XD

2 Horas

**TOTAL HORAS** 20 horas

Profesor Provisional
Economía 1º Bach

12 Horas

I.A.E.E.

3 Horas

**TOTAL HORAS** 15 horas

**HORAS DO DEPARTAMENTO 35 horas**

O número total de horas do departamento de Economía son de 35 horas, das cales 33 horas son lectivas, e 2 horas da xefatura do departamento.

A maioría do alumnado procede dos arredores de Santiago, das zonas que corresponde a este centro, coma Sigueiro, Trazo, Chaián ainda que tamén hai bastantes

deles que viven en Santiago, concretamente na zona norte da cidade. No ano actual e notable a divesidade do alumnado.

2. Previsión do desenvolvemento da programación nos distintos escenarios de actividade lectiva.

a) Actividade lectiva presencial.

-Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza presencial.

O departamento de economía facilita a aqueles alumnos e alumnas que por circunstancias sanitarias non poida asistir durante períodos a actividade lectiva presencial os materiais elaborados a través da aula virtual. Así mesmo facilita as actividades correspondentes a cada tema, habitualmente test ou cuestionario de cada tema, así coma enlaces as distintas actividades no caso de utilizar libro PDF en economía 4º ESO, así como aceso aos podcasts e e vídeos que aparecen na aula virtual e que facilitan a comprensión e motivación do alumnado.

-Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

O departamento indicará ao alumnado que por motivos da Covid-19 ten que permanecer na casa e con antelación suficientemente ampla o prazo de entrega das distintas actividades para que o alumnado que traballa dende a casa poida realizalas no tempo previsto en cada situación.

b) Actividade lectiva non presencial ou telemática.

-Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Dado que no curso anterior a actividade lectiva presencial queda interrompida polo confinamento dende o 13 de marzo por mor do Covid-19 a maioría do noso alumnado tivo a conexión necesaria para o seguimento das actividades da aula virtual e que en caso de volver a pasar pola mesma situación a dirección consigue facilitar os medios necesarios para cada alumno e alumna con dificultades de conexión telemática.

En caso de non ser posible dita conexión telemática o departamento facilita os materiais impresos para cada curso e nivel.

-Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.
O departamento indicará ao alumnado que siga a actividade lectiva telemáticamente que
por motivos da Covid-19 ten que permanecer na casa con antelación suficientemente
ampla o prazo de entrega das distintas actividades de reforzo e ou ampliación para que o
alumnado que traballa dende a casa poida realizalas no tempo previsto en cada situación.

Ditas actividades unha vez correxidas serán as que sirvan para evaluar a cada alumno e
alumna según os criterios que se detallan a continuación.b) Actividade lectiva non
presencial ou telemática.b) Actividade lectiva non presencial ou telemática.

c) Actividade lectiva semipresencial.
No centro non se adopta dita modalidade xa que o espazo e o profesorado son suficientes.

3. Metodoloxía e actividades do Trimestre.
O departamento facilita distintas actividades de recuperación, de repaso, de reforzo, e
no seu caso, de ampliación. En todos os casos:

- ensaios
- cuestionarios
- actividades de relación e reflexión
- resolución de problemas
- interpretación de documentos
- traballos de investigación

Metodoloxía do alumnado con conectividade e sen conectividade.

Metodoloxías activas que fomentan a transferencia do aprendido e o desenvolvemento
da autonomía persoal e a competencia de aprender a aprender, mediante:

1. Alumnado con conectividade:
Uso de plataformas educativas (aula virtual do centro, blogues)
Correo electrónico

2. Alumnado sen conectividade:
Entrega de material impreso coas tarefas e a información necesaria para a súa realización. Recollida regular.

4. Materiais e recursos
Todo o alumnado atopará os materiais e recursos na aula virtual, cos enlaces aos blogs
utilizados habitualmente. Incluirán, ademais das propias tarefas a realizar, materiais de
elaboración propia, libros dixitais, enlaces a sitios web. Os recursos serán tanto textuais
como gráficos, visuais e audiovisuais. Tal como xa se indicou aqueles alumnos sen
conectividade terán acceso aos materiais impresos e recollida regular.

5. Avaliación e cualificación
Avaliación
✓
Procedementos:

1. Seguimento sistemático do traballo do alumnado
2. Análise da produción do alumnado
3. Interacción do alumnado

✓
Instrumentos:
1. Rexistro da entrega das tarefas en prazo e forma, da comunicación co alumnado, e da
súa actividade nas plataformas dixitais
2. Valoración das tarefas realizadas polo alumnado, entre outras ensaios, cuestionarios,
actividades de relación e reflexión, resolución de problemas, interpretación de documentos, traballos de investigación
3. Rexistro da interacción do alumnado a través de medios como correo electrónico,
plataformas telemáticas (en particular foros e servizos de mensaxería como instrumento
de comunicación) e outros, como evidencia do seu interese e traballo.
Cualificación

1º Bacharelato: Cada avaliación divide a materia en 2 exames. O resultado de cada
avaliación será o resultado obtido o calcular a media ponderada de ditos exames.

2º Bacharelato: Cada avaliación divide a materia en 2 exames. O resultado de cada
avaliación será o resultado obtido o calcular a media ponderada de ditos exames.

6. Cualificación final
a) Alumnado aprobado en forma presencial + non presencial
Valoración da/das avaliación/avaliacións mediante unha media das notas, pudendo subir
ata un máximo de 0,5 puntos a cualificación se hai evidencia dun traballo ben realizado,
constante.

Na forma non presencial incluirán unidades didácticas non vistas na aula, e profundización nas que xa foran avaliadas anteriormente. Neste caso a valoración dos
traballos sería a seguinte: Entrega 30%, Calidade 70%

b) Alumnado que deba recuperar en forma presencial + non presencial
Presencial

As recuperacións parciais de cada avaliación terá lugar ao remate de cada unha de ditas
avaliacións. Ademaís o rematar o curso farase unha recuperación global na que os alumnos recuperarían a/as avaliación/ons suspensas.

Non presencial

Si o longo do curso actual houbera motivos para levar a cabo ensino non presencial
avaliaranse as tarefas entregadas para cada tema para a recuperación, tendo en conta na
valoración de ditas tarefas,a constancia do traballo, interese, puntualidade da entregae
calidadede acordo a oscriterios de valoración correpondentes:entrega 30%, calidade
70%.

7. Estándares de aprendizaxe e competencias
imprescindibles
Criterio de avaliación -estándar de aprendizaxe.

1.1. Explicar o problema dos recursos escasos e as necesidades ilimitadas.
1.1.1. Recoñece a escaseza, a necesidad de elexir e de tomar decisións, como os elementos máis determinantes a afrontar en todo sistema económico.(CMCT, CAA,CL, CSIEE, CSC)1.3.1 Distingue proposicións económicas positivas das proposiciones económicas normativas.(CL, CCEC)
1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar
unha valoración crítica das formas de resolución dende o punto de vista dos diferentes
sistemas económicos.

1.2.1. Analiza os diferentes plantexamentos e as distintas formas de abordar os elementos clave nos principais sistemas económicos. (CMCT, CSIIE, CAA,CSC)
1.2.2. Relaciona e manexa, a partir de casos concretos de análise, os cambios máis
recentes no escenario económico mundial cas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican.(CMCT, CSIIE, CSC, CAA)
1.2.3. Compara diferentes formas de abordar aresolución de problemas económicos, utilizando exemplos de situacións económicas actuais do entorno internacional.(CD,
CSIIE, CSC,CL)
2.1. Analizar as características principais do proceso productivo.
2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema productivo partindo do
estudo daempresa e a sua participación en sectores económicos, así como a sua conexión e interdependencia.(CAA,CL,CMCT, CSC)
2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.
2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo ca interdependencia económica nun contexto global.(CAA, CSC,CSIIE,CMCT)
2.2.2. Indica as diferentes categorías de factores productivos e as relacións entre
productividade,eficiencia e tecnoloxía.(CMCT, CL, CAA)
2.3. Identificar ls efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das
persoas.
2.3.1. Estuda e analiza as repercusións da actividade das empresas, tanto nun entorno
cercano como nun entorno internacional.(CAA, CSIEE, CMCT, CSC)
2.4. Expresar os principais obxetivos e funcións das empresas, utilizando referencias
reais do entorno cercano e transmitindo a utilidade que se xera ca sua actividade.
2.4.1. Analiza e interpreta os obxetivos e funcións das empresas. (CMCT,CSIEE,CL,CAA)
2.4.2. Explica a f unción das empresas de crear ou incrementar a utilidade dos bens.
(CL,CMCT)
2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.
2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos
plantexados.(CL,CMCT ,CSIIE, CAA)
2.6. Calcular e manexar os custos e beneficios das empresas, así como representar e
interpretar gráficos relativos a ditos conceptos.

2.6.1. Comprende e utiliza diferentes tipos de custos, tanto fiixos como variables, totais,
medios e marxinais, así como representa e interpreta gráficos de custos.(CD, CMCT,CAA,CSIEE)
2.7. Analizar, representar e interpretar a función de producción dunha empresa a partir
dun caso dado.
3.1.Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades
demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.

3.1.1. Representa gráficamente os efectos das variacións das distintas variables no
funcionamento dos mercados.(CMCT, CAA)
3.1.2. Expresa as claves que determinan a oferta e a demanda.(CL, CMCT, CD)
3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en
prezos e cantidades,así como os seus efectos sobre os ingresos totais.( CMCT, CAA,
CL)
3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as suas diferencias cos
modelos, así como as suas consecuencias para os consumidores, empresas ou Estados.
3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos diferentes tipos de mercados, explicando
as suas diferencias.(CMCT, CAA, CL)
3.2.2. Aplica o análise dos distintos tipos de mercados a casos reais identificados a
partir da observación do entorno máis inmediato.(CAA, CMCT, CSIIE)
3.2.3. Valora, de forma crítica, os efectos que se derivan sobre aqueles que participan
nos diversos mercados.(CSC,CSIIE, CMCT, CL)
4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as
súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como
indicadores da calidade de vida.
4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como
indicadores da situación económica dun país.(CMCCTCD, CSC, CCL)
4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízaas para establecer comparacións
con carácter global.(CAA, CSC)
4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.
4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables
macroeconómicas e a súa evolución no tempo.(CMCCTCD)
4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a
formación, analizando de xeito especial o desemprego.

4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co
mercado de traballo.(CMCCTCD)
4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un
emprego e mellores salarios.(CSC, CAA)
5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en
que estes se miden.5.2Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os
seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.
5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha
Economía.(CSC, CMCCTCD, CCL)
5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e
social.
5.4. Analizar os tipos de política monetaria.
5.4.1. Razoa de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria
e o seu impacto económico e social.
5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.
5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razoa sobre o
seu papel e o seu funcionamento.(CSC, CMCCTCD)
6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.6.2. Examinar os procesos de
integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.
6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.(CSC,CCL,CMCCT)
6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión
Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun
contexto global.(CSC,CCL)
7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do
Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos
que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade
económica
7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas,
reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.(CCL, CMCCT)
7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os
axentes que interveñen na Economía, e as opcións de actuación por parte do Estado.
(CSC,CMCCTCD ).

8. Organización de procedementos para acreditar
coñecementos previos en Bacharelato.
Dado que a materia de economía de primeiro de bacharelato e unha introducción a micro e macroeconomía, e a materia de segundo de bacharelato e economía da empresa
non se necesitan coñecementos especificos o que permite facer un breve repaso de algún
concepto ou modelo pertenecente ao curso anterior no momento oportuno. Así mesmo aqueles alumnos e alumnas que non cursaron dita materia poden facilmente suplir a
carencia dalgún concepto que será explicado como material complementario.

O alumnado de 4º ESO e de IAEE farán un cuestionario inicial para ver os conceptos
que traen previamente mediante a respostas sinxelas de ámbito xeral.

9. Medidas de atención á diversidade e dificultades
derivadas da fenda dixital.
-ADIVERSIDADEENCOMPRENSIÓN.

Non ten dificultadesparacomprenderoscontidos:Seleccionarcontido cun maiorgrao de dificultade.

Comprendeo contido,pero ásvecesresultalledíficil:Seleccionarcontido significativo segundo
atúarealidade.

Ten dificultadesparacomprendero contido quesepresenta:Seleccionaro contido mínimo e
expóñaossimplificando o idiomaeainformación gráfica.

-ADIVERSIDADEDEFORMACIÓNEDESENVOLVEMENTO.

Nonten
dificultades(estudantesaltamentecapacitados):Melloralosmedianteactividadesque llespermitan póren xogo assúashabilidades.

Ten poucasdificultades:Propoñertarefasnasqueadificultadesexaprogresivasegundo as habilidadesquesevaian adquirindo.

Ten dificultades: Selecciona esas tarefas segundo as capacidades dos estudantes, que
permitan acadar o contido mínimo esixido.

-ADIVERSIDADENARESOLUCIÓNDEPROBLEMAS.

Atopa solucións aos problemas que xorden en todas as situacións: Sigue construíndo esta
capacidade.

Buscasoluciónsaosproblemasquexorden nalgunhassituacións:Propoñerproblemascon graos
dedificultadecrecentes.

Ten dificultades para resolver problemas en situacións que xorden: Propoñer problemas
segundo assúashabilidadesparadesenvolvelos.

-ADIVERSIDADENACOMUNICACIÓN.

Exprésase oralmente e por escrito con claridade e corrección: Propoñer tarefas que sigan
mellorando aexpresión oraleescrita.

Ten algunha dificultade para expresarse oralmente e por escrito: Propoñer algunhas tarefas e
debatesnosqueosalumnosteñan queempregaraexpresión oraleescritaparamelloralos.

Ten dificultades para expresarse oralmente e por escrito: Propoñer actividades co nivel
necesario paraqueosalumnosadquiran asferramentasnecesariasquellespermitan mellorar.

-ACOMUNICACIÓNPROFESOR-GRUPO.

Acomunicación profesor-grupo non presentagrandesdificultades:Nonfan faltamedicións.

Acomunicaciónprofesor-grupotenalgunhasdificultades:Propoñerestratexiasparamellorara comunicación.

Acomunicación profesor-grupo ten grandesdificultades:Coñeceacausadadesmotivación e
propón medidasparaminimizalas.

-DIVERSIDADEDEACTITUDEECOLABORACIÓN

Ogrupo ten unhaboaactitudeeestásemprepreparado pararealizarastarefas:Nonfan falta
medicións.

Algúnsdosestudantesteñen unhaboaactitudeecolaboran:Propoñeractividadesgrupaisnas
queosalumnosmenosmotivadosasuman responsabilidades.

Ogrupo ten malaactitudeenon colaboranastarefas:Coñeceascausasdo problemaeadopta
medidas,estratexias,etc.paraminimizaresasactitudes.

10. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.

O departamento participa no proxecto PRENSA ESCOLA, pattrocinado polo xornal A Voz de Galicia polo que cada mércores enviannos un exemplar para cada alumno e alumna de 4º ESO, tanto na materia de economía como de IAEE. A actividade consiste en ler unha noticia de caracter económico que lle resulte atractiva e despois de facer un breve resume expoñela oralmente diante dos seus compañeiros co que conseguimos que

o alumnado se familiarice co vocabulario económico e empresarial e facilita a comprensión mais axeitada de ditas noticias ou artigos de prensa.
Tamén participamos no concurso YOUNG BUSINESS TALENT que facilita unha ferramenta de aprendizaxe cun simulador de xestión empresarial no que o alumno acercase a realidade empresarial en modo de xogo, pero que durante todo o curso o

motiva a tomar todas as decisións necesarias para xestionar a súa empresa. Ademais aprende a traballar en equipo cos seus compañeiros, consensuando decisións e aceptando os distintos resultados do concurso semana a semana co incentivo de chegar a final e en todo caso obter un diploma que acredita o seu entrenamento mediante un simulador en tempo real da xestión empresarial nas distintas areas que compoñen a empresa, dende a producción e distribución ata a venda dos productos, así como a publicidade e marketing.

Indice

Programación de Economía. 15

( Primeiro de Bacharelato )

Programación de Economía da Empresa. 79

( Segundo de Bacharelato )

Programación de Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial. 101
( Cuarto da ESO )

Programación de Economía. 154
( Cuarto da ESO )

# PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA
Primeiro de Bacharelato

INDICE

1. Introdución
2. Obxectivosdaetapa
3. Obxectivosdamateria
4. Competenciasdo currículo
5. Contidos
6. Organización didácticadoscontidos:
unidadesdidácticas
7. Criteriosdeavaliación relacionadoscosrespectivosestándares
deaprendizaxeecompetenciasbásicaseconcreción dosmínimos
esixibles
8. Actividadesdeaprendizaxeasociadasacadabloque
decontido
9. Instrumentosdeavaliación paracadaestándarde
aprendizaxe
10.Metodoloxía
11.Medidasdeatención adiversidade
12.Recursosdidácticos
13.Temporalización
14.Temastransversais
15.Procedementosdeavaliación
16.Indicadoresdelogro paraavaliaro proceso de

ensinanza-aprendizaxeeaprácticadocente
17.Diseño daavaliación inicial emedidasquesepoidan adoptar
comoconsecuenciadosresultados
18.Mecanismosderevisión,avaliación emodificación daprogramación
didácticaen relación cosresultadosacadémicoseprocesosdemellora

1. INTRODUCIÓN

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria, aprobado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), e publicado no BOE o 3 de xaneiro de 2015, está enmarcado na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que á súa vez modifica o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinos.

De conformidade co mencionado Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que determina os aspectos básicos a partir dos cales as distintas Administracións educativas deberán fixar para o seu ámbito de xestión a configuración curricular e a ordenación dos ensinos en Bacharelato, corresponde á Xunta de Galicia regular a ordenación e o currículo na devandita etapa.

O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así o fai para todas as materias (troncais, específicas e de libre configuración autonómica), e en concreto para a de Economía.

A programación da materia de Economía, de 1º Bacharelato, parte dos orzamentos iniciais do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece ou currículo dá educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

Estrutúrase en sete bloques: no primeiro abórdase a o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos; nun segundo bloque ("A actividade produtiva") descríbese a produción como principal actividade económica; no terceiro ("O mercado e o sistema de prezos") repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos; o seguinte bloque ("A macroeconomía") céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo; no quinto ("Aspectos financeiros da economía") faise un repaso da vertente financeira da actividade económica; o sexto ("O contexto internacional da economía") aborda a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización; e, finalmente, no bloque titulado "Desequilibrios económicos e o papel do Estado na económica", reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao
fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día mías valor, pola importancia de contar cunha
cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.O

estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

## 2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores dá Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver ou seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente vos conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación dás persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar vos hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para ou eficaz aproveitamento dá aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías dá información e dá comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, vos seus antecedentes históricos e vos principais factores dá súa evolución. Participar de xeito solidario non desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos
métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da
tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o
respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial
referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade,
iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como
fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e
social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e
contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Identificar o ciclo da actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar
un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.

2. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes
problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a
sobreexplotación dos recursos naturais, así como os derivados da globalización da
actividade económica.

3. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e
cultural en que tiveron lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás. Formular
xuízos persoais acerca da conveniencia ou non da intervención da Administración
pública na economía e dos seus efectos.

4. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas
vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os
fenómenos sociais.

5. Utilizar técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía
galega, española, europea ou doutras zonas do mundo para coñecer e comprender os
trazos característicos da situación económica deses territorios e as perspectivas de
futuro.

6. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade.
Comunicar opinións argumentando con precisión e rigor a partir de conceptos e
principios económicos elementais. Aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos
como vía de enriquecemento persoal.

7. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e/ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen. Formular xuízos persoais sobre estas e comprender que as decisións implican, en ocasións, elixir entre obxectivos en parte contraditorios para os diferentes axentes económicos.
8. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente grao de desenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade de conseguir un desenvolvemento sustentable.
9. Abordar de xeito autónomo e razoado problemas económicos do medio, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás do medio.
10. Coñecer e comprender, dun xeito crítico, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

## 4. COMPETENCIAS DO CURRÍCULO

As competencias do currículo serán as seguintes:

a) Comunicación lingüística.
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
c) Competencia dixital.
d) Aprender a aprender.
e) Competencias sociais e cívicas.
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
g) Conciencia e expresións culturais.

O carácter integrador da materia deEconomía fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das competencias básicas:

- Promove acompetencia matemática mediante a realización de cálculos para a determinación de magnitudes macroeconómicas e microeconómicas, así como o uso de algoritmos e estratexias de cálculo.Achega, ademais, aos estudos estatísticos, as táboas e os gráficos como instrumentos básicos para interpretar a

realidade económica, en especial a de Galicia, achegar posibles solucións e alternativas e predicir comportamentos futuros. O cálculo de probabilidades facilita a realización de análises de mercado e de diferentes variables económicas, así como a extrapolación de determinadas tendencias que se aprecian nos comportamentos das economías dos países das distintas áreas económicas a nivel mundial.

▫
Permite unha visión máis ampla e detallada da sociedade actual que axudará aos alumnos a desenvolver acompetencia social e cívicadesde unha actitude reflexiva e consciente, ao facilitarlles a comprensión de problemas tales como a inflación, o desemprego, o esgotamento dos recursos naturais, o subdesenvolvemento, o consumismo, a distribución da renda, as consecuencias da globalización etc. Xoga, ademais, un papel central na configuración de valores e actitudes, de forma especial aqueles relacionados coa solidariedade entre persoas, grupos e pobos; a actitude crítica ante as desigualdades económicas; a importancia da conservación do medio natural para a calidade de vida, en concreto en Galicia etc.
▫
Contribúe ao desenvolvemento dacomunicación lingüística, aopromover o desenvolvemento das catro grandes habilidades: falar, escoitar, ler e escribir. A
materiaesixe exercitarse na lectura, a escoita, a exposición e a argumentación. Por outra banda, a comunicación de coñecementos, ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos desta materia, ao utilizar tanto a linguaxe verbal como a escrita, a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas en fontes diversas e, particularmente, na publicidade e nos medios de comunicación, tamén axudan á adquisición da competencia. Igualmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do socioeconómico, posibilitan o enriquecemento do vocabulario e estimulan a representación mental que esixe o desenvolvemento do pensamento lóxicoformal.
▫
A achega ácompetencia dixitalvén dada pola importancia que ten, na comprensión e análise de datos de carácter económico, contar con destrezas relativas á obtención, comprensión e interpretación de información, elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da materia. Contribúese, de xeito particular, na busca, obtención e tratamento de información procedente da observación directa e indirecta da realidade, así como de fontes escritas, gráficas, audiovisuais, tanto se utilizan como soporte o papel coma se foron obtidas mediante as tecnoloxías da información e a comunicación. A análise de datos e variables económicas, mediante táboas, gráficas, estatísticas etc. e a utilización de instrumentos informáticos para a elaboración de informacións económicas, estimula esta competencia.
▫
Acompetencia para aprender a aprender supón posuír ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e fenómenos económicos e saber prever e adaptarse aos cambios e crises que se producen cunha visión positiva. A todo isto contribúese, desde as posibilidades que ofrece para aplicar razoamentos de distinto tipo, ao buscar explicacións multicausais e predicir efectos dos fenómenos económicos; proporciona coñecementos das fontes de información e da súa utilización mediante a recollida e clasificación da información obtida por diversos medios, sempre que se realice unha análise desta. Tamén contribúe despois de que se favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, para organizar, memorizar e analizar informacións de carácter económico.

5. CONTIDOS
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica
- A escaseza, a elección e a asignación de recursos. O custo de oportunidade.
- Os diferentes mecanismos de asignación de recursos. Análise e comparación dos diferentes sistemas económicos.
- Os modelos económicos. Economía positiva e Economía normativa.
Bloque 2. A actividade produtiva

- A empresa, os seus obxectivos e funcións. Proceso produtivo e factores de produción.
- División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.
- A función de produción. Obtención e análise dos custos de produción e dos beneficios.
- Lectura e interpretación de datos e gráficos de contido económico.
- Análise de acontecementos económicos relativos a cambios no sistema produtivo ou
na organización da produción no contexto da globalización.
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos

- A curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda.
- A curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva
da oferta. Elasticidade da oferta.
- O equilibrio do mercado.
- Diferentes estruturas de mercado e modelos de competencia.
- A competencia perfecta. A competencia imperfecta. O monopolio. O oligopolio. A competencia monopolística.

Bloque 4. A macroeconomía

- Macromagnitudes: A produción. A renda.O gasto. A Inflación. Tipos de interese..
- O mercado de traballo. O desemprego: tipos de desemprego e as súas causas. Políticas contra o desemprego.
- Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.
- Limitacións das variables macroeconómicas como indicadoras do desenvolvemento da sociedade.

Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía

- Funcionamento e tipoloxía do diñeiro na Economía.
- Proceso de creación do diñeiro.
- A inflación segundo as súas distintas teorías explicativas.
- Análise dos mecanismos da oferta e demanda monetaria e os seus efectos sobre o tipo de interese.
- Funcionamento do sistema financeiro e do Banco Central Europeo.

Bloque 6. O contexto internacional da Economía

- Funcionamento, apoios e obstáculos do comercio internacional.
- Descrición dos mecanismos de cooperación e integración económica e especialmente da construción da Unión Europea.
- Causas e consecuencias da globalización e do papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.

Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do estado na Economía

- As crises cíclicas da Economía.
- O Estado na Economía. A regulación. Os fallos do mercado e a intervención do sector público. A igualdade de oportunidades e a redistribución da riqueza.
- Valoración das políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento.
- Consideración do medio ambiente como recurso sensible e escaso.

- Identificación das causas da pobreza, o subdesarrollo e as súas posibles vías de
solución.

6- ORGANIZACIÓN DIDÁCTICA DOS CONTIDOS

UNIDADE 1: O problema básico da economía

INTRODUCIÓN

"O último obxectivo da economía é desenvolver políticas que poidan resolver os nosos problemas" (Paul e Ronald Wonnacott).

Esta primeira unidade pretende favorecer o interese do alumnado cara á economía a
través dunha presentación que resulte interesante e útil, que axude os estudantes a
conseguir respostas ante cuestións próximas aos seus intereses e motivacións. Ademais,
preséntanse conceptos moi nucleares dun curso básico de economía que serán retomados unha e outra vez ao longo do curso. Escaseza, necesidade de elixir e custo de
oportunidade son ideas clave que nos axudan a entender a perspectiva económica ou a
forma de "mirar" dos economistas.

Finalmente, é fundamental nas primeiras clases do curso, e ao fío desta primeira unidade, coñecer as ideas e concepcións erróneas que teñen os alumnos sobre os contidos que van desenvolver. Débense prever, polo tanto, tempos e instrumentos para
detectar estes coñecementos previos de tal forma que poidan incorporarse á programación docente.

CONCEPTOS

- O problema central da economía: o conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas.
- A escaseza de recursos e a necesidade de elixir.
- As necesidades humanas: tipos.
- Os bens que satisfán necesidades: clases de bens.
- Principios básicos: custo de oportunidade, custos irrecuperables, análise marxinal e incentivos económicos.
- Os modelos económicos e as súas aplicacións.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Nesta unidade iníciase un traballo sobre consumo responsable e de sensibilización ante
os problemas medio ambientais, co que se trata de favorecer nos nosos alumnos o

desenvolvemento da competencia social e cidadá. Especialmente coa secciónTemas de reflexión e debate: escaseza ou desigualdade?, preténdese desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica e que incide especialmente nesa educación para a cidadanía.

Tamén está presente o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender. A través do traballo que iniciamos sobre a perspectiva económica, estamos favorecendo que os alumnos incorporen unha estratexia intelectual para abordar e comprender os problemas económicos e que lles permita aprender con autonomía aquelas cuestións económicas polas que están interesados.

Coa secciónNa rede, iníciase un traballo en relación ás competencias sobre o tratamento da información e a competencia dixital para aprender a aprender e sobre a autonomía e iniciativa persoais. Así mesmo, trátase de desenvolver a competencia matemática co uso de modelos económicos e a súa representación gráfica.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–ARRIZABALAGA, Alicia, e WAGMAN, Daniel:Vivir mejor con menos. Aguilar, 1997.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–CORTINA, Adela:Por una ética del consumo. Taurus, 2002.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001.
Recursos na rede

–Informes anuais sobre o estado do mundo do Worldwatch Institute:www.worldwatch.org/
UNIDADE 2: A produción de bens e servizos

INTRODUCIÓN

“O economista debe posuír unha rara combinación de dotes. Debe ser, dalgún modo, matemático, historiador, estadista e filósofo. Debe dominar a linguaxe científica e expresarse e facerse entender no vulgar. Ha de ser simultaneamente desinteresado e utilitario; tan fóra da realidade como un artista e ás veces tan apegado á terra como o político” (J. M. Keynes).

A unidade ten a intención de favorecer nos nosos alumnos unha visión global do proceso de produción como un fenómeno social que ten lugar a partir da combinación duns factores produtivos e que é favorecido pola especialización e a división do traballo.
Ademais, tamén aborda como debe organizarse unha sociedade para sacar o máximo rendemento dos seus recursos e obter así a máxima produción posible. Introducirase a diferenciación entre economía positiva e normativa, que xustifica que en determinados aspectos todos os economistas estean de acordo nas súas afirmacións, mentres que noutros non o estean tanto.

Por último, presentaranse aos alumnos os sectores económicos que se distinguen en toda economía, responsables da produción nunha sociedade.

CONCEPTOS

- Os factores de produción.
- A división técnica do traballo e as súas vantaxes e inconvenientes.
- A produtividade e os seus determinantes.
- Produción potencial e eficiencia.
- O modelo económico da fronteira de posibilidades de produción.
- Factores determinantes do crecemento económico.
- Economía positiva e normativa.
- Os sectores económicos.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A competencia social e cívica traballase ao longo da unidade. Preténdese desenvolver nos alumnos unha perspectiva crítica cara ao consumo irracional dos recursos de que dispoñemos e que pode conducir, de continuar a mala xestión, ao seu esgotamento.

Tamén se desenvolve a competencia para aprender a aprender: preténdese que os alumnos adquiran as estratexias necesarias que lles permitan desenvolver as súas capacidades persoais.

Coa secciónAprende na rede traballase a competencia sobre o tratamento da información e a competencia dixital a partir da busca de información sobre a composición sectorial da produción española. A través dunha análise pautada e dirixida, incentívase aos alumnos a aprender a aprender, o que repercute positivamente no desenvolvemento da súa autonomía e iniciativa persoal.

Ademais, desenvólvese a competencia matemática co uso do modelo económico da

fronteira de posibilidades de produción e a súa representación gráfica.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–ARRIZABALAGA, Alicia, e WAGMAN, Daniel:Vivir mejor con menos. Aguilar, 1997.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–CORTINA, Adela:Por una ética del consumo. Taurus, 2002.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía. McGraw-Hill, 1998.
–PÉREZ, R.,et al.:Análisis de datos económicos. Pirámide, 1993
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.),
2001.
Recursos na rede

–Enciclopedia e biblioteca virtualwww.eumed.net
– Páxina web do Instituto Nacional de Estatísticawww.ine.es
UNIDADE 3: Axentes e sistemas económicos

INTRODUCIÓN

“A tripla clasificación de actores corresponde, máis ou menos, coa división das funcións económicas da produción, o consumo e a regulación do sistema” (J. L. Sampedro).

“Un propósito evidente dunha economía boa é producir bens e subministrar servizos con eficacia e distribuír os ingresos de aí procedentes dun modo socialmente aceptable e economicamente funcional” (J. K. Galbraith).

A intención desta unidade é a de presentar os protagonistas ou axentes da economía, é
dicir, os distintos grupos e institucións implicados no funcionamento económico: as
economías domésticas, as empresas e o sector público. Explicaranse as súas funcións e

o seu comportamento, así como as relacións que se establecen entre eles. Estes axentes,
para solucionar os problemas básicos aos que se enfrontan en materia económica –que,
como e para quen producir– organízanse de diferente modo, dando lugar aos diferentes
sistemas económicos.
As características fundamentais, vantaxes e inconvenientes de cada sistema económico
tamén se analizan na presente unidade.

Para finalizar, introdúcense de maneira superficial as correntes de pensamento económico máis importantes ao longo da historia e que serviron de inspiración na conformación dos distintos sistemas económicos estudados.

CONCEPTOS

- As economías domésticas, as súas funcións e o seu comportamento.
- As empresas: obxectivos, funcións e compoñentes.
- O sector público: compoñentes e funcións.
- Relacións entre os axentes: o fluxo circular da renda.
- Os problemas básicos da economía: que, como e para quen producir.
- O sistema de economía de mercado ou capitalista. Fundamentos, vantaxes e inconvenientes.
- O sistema de planificación central. Logros e inconvenientes.
- Os sistemas de economía mixta.
- Aproximación ao pensamento económico: liberalismo, marxismo e keynesianismo.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Proséguese nesta unidade co traballo, común a todas as unidades didácticas da materia de economía, sobre consumo responsable e de sensibilización ante os problemas ambientais.Así, as lecturas e actividades propostas na secciónTemas de reflexión e debate abundan sobre a necesidade de presentar uns valores máis alá do diñeiro e do consumo ostentoso.

Tamén, entre os contidos, trabállase de maneira moi especial a competencia social e cívica. Neste sentido, abórdanse as actividades do sector público na economía, a súa vocación de axuda e de corrector de desigualdades, así como o compromiso de todos os cidadáns co sostemento do aparato estatal como forma de mellorar o benestar de toda a sociedade á marxe de valoracións exclusivamente egoístas.

Ao analizar as funcións das economías domésticas, as empresas e as relacións que se establecen entre elas, trabállase a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao facer reflexionar os alumnos sobre a importancia da toma responsable de decisións. Tamén se aborda esta competencia cando se recalca a importancia do espírito emprendedor entre os empresarios e cando insiste en que o resultado final que alcanzan as sociedades non é máis ca a suma dos comportamentos responsables de todos os axentes na súa interacción co resto.

Por último, desenvólvese a competencia matemática co uso de modelos económicos e a súa representación gráfica.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–ARRIZABALAGA, Alicia, e WAGMAN, Daniel:Vivir mejor con menos. Aguilar, 1997.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.

– CORTINA, Adela:Por una ética del consumo. Taurus, 2002.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.
–SAMUELSON, Paul:Economía. McGraw Hill, 1998
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (editor), 2001.
Recursos na rede

– O peso na economía española dos diferentes sectores e axentes económicos:www.ine.es

UNIDADE 4: A empresa e as súas funcións

INTRODUCIÓN

"O saber é o único factor da produción que non está suxeito á lei dos rendementos decrecentes" (J. M. Clark).

Nesta unidade preséntase a produción como un fenómeno social a partir da división do traballo e da especialización. Nese marco introdúcese a empresa como institución que coordina os factores de produción e as tarefas dos distintos especialistas, e que cumpre a importante función de engadir valor ou creación de utilidade dos bens. Ademais, a unidade vai permitir coñecer que fan e como funcionan as empresas, así como as súas distintas modalidades, o seu financiamento e a súa dinámica de crecemento.

CONTIDOS

- División do traballo, interdependencia económica e necesidade de coordinación da produción.
- Funcións da empresa: a coordinación de factores e o ciclo de produción.
- Eficiencia técnica e eficiencia económica.
- A función de produción e os rendementos decrecentes.
- Custos fixos, variables e medios. Ingresos, beneficios e limiar de rendibilidade.
- Tipos de empresas, segundo criterios.
- A internacionalización das empresas.
- A responsabilidade social corporativa.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Esta unidade didáctica é crucial no estudo da economía e vital para a formación de cidadáns que coñezan o funcionamento da sociedade actual. Non é de estrañar, por

tanto, que estea moi relacionada coa maioría das competencias básicas. Así, a través dela, imos traballar de maneira moi activa a competencia matemáticaa través dos exercicios de custos, ingresos e o cálculo do limiar de rendibilidade, así como co cálculo da eficiencia técnica e económica, e a representación gráfica da función de produción.

Tamén se vai traballar a competencia no coñecemento e interacción co mundo físico ao analizar a transformación dos bens e os procesos produtivos que requiren de diferentes fontes de enerxía e xeran residuos, axudando a conformar unha sensibilidade, unha preocupación e unha responsabilidade activa sobre todos os problemas medio ambientais.

Do mesmo xeito, vaise axudar a construír unha conciencia social e cívica ao analizar o papel do empresario, valorar a importancia dos emprendedores e a importancia de que estes adopten comportamentos éticos que teñan en conta o conxunto dos axentes que forman parte do proceso produtivo e do medio empresarial. Con estes mesmos contidos, imos traballar a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e co traballo diario, as actividades deseñadas e a estrutura desta unidade didáctica favorecemos a fundamental competencia de aprender a aprender.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.
–SAMUELSON, Paul:Economía. McGraw-Hill, 1997.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
– TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001.

UNIDADE 5: O mercado e as súas forzas: a oferta e a demanda

INTRODUCIÓN

“Calquera pode converter un loro nun sabio economista: todo o que debe aprender son as palabras oferta e demanda” (Anónimo).

Só no noso país, sen ter en conta as relacións co exterior, varias ducias de millóns de consumidores, máis de dous millóns de empresas e varios miles de organismos públicos interrelaciónanse diariamente en procesos de intercambio.Nesta unidade abórdase como se organizan estes intercambios a través do mercado de bens e servizos, que constitúe

un instrumento fundamental para entender o funcionamento económico da nosa sociedade. Para iso, analízanse as dúas caras de cada intercambio, a oferta e a demanda,

o que nos permitirá entender, posteriormente, os prezos e cantidades compatibles coas intencións de compradores e vendedores.

CONTIDOS

- Troco como sistema de intercambio.
- O mercado coa utilización de diñeiro: vantaxes e inconvenientes fronte ao troco.
- A función de demanda. Influencia sobre a cantidade demandada das variacións dos prezos e influencia sobre a demanda do resto de factores que a determinan.
- A función de oferta. Influencia sobre a cantidade ofertada das variacións dos prezos e influencia sobre a oferta do resto de factores que a determinan.
- O proceso de formación de prezos: o equilibrio de mercado e os excesos de oferta e demanda.
- Modificacións do equilibrio de mercado a partir de desprazamentos da demanda e da oferta.
- A elasticidade-prezo da demanda: os tipos e a súa influencia nos ingresos totais

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A competencia social e cívica abórdase especialmente nesta unidade, pois non en balde estamos explicando o mecanismo básico polo que as sociedades desenvolvidas actuais resolven os problemas económicos. Procuraremos, para transmitir cun maior aproveitamento esta competencia básica, relacionar as aprendizaxes e contidos vistos na aula con mercados reais e con situacións cotiás.

A resolución de exercicios de equilibrio de mercado con sinxelas funcións lineares de oferta e demanda e o cálculo numérico de elasticidades de oferta e demanda axudarán os alumnos a afianzar a súa competencia matemática.

Trataremos tamén de que, examinando na rede o funcionamento de mercados reais, os alumnos desenvolvan a competencia no tratamento da información e a competencia dixital.

Por último, na secciónTemas de reflexión e debate podemos traballar aspectos que favorezan o sentido de iniciativa e espírito emprendedor estimulando o sentido crítico dos alumnos e a súa autonomía nas decisións de consumo, adoptando unha postura crítica ante as mensaxes publicitarias.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

– CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
-FRIEDMAN, Milton e Rose:La libertad de elegir. Random House Mondadori,1980.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.

–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.

–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001.

Recursos na rede

– Para analizar a marcha de mercados reais:www.agroprecios.com

UNIDADE 6: MODELOS DE MERCADO

INTRODUCIÓN

“Raras veces se reúnen as xentes que exercen o mesmo negocio, nin sequera por diversión ou entretemento, pero, cando o fan, a conversación adoita terminar nunha conspiración contra o público ou nalgunha maquinación para subir os prezos” (Adam Smith).

O coñecemento do mercado adquirido na unidade anterior continúa nesta coa presentación dos supostos do modelo de mercado de competencia perfecta. A partir deste modelo, analízanse outros tipos ou estruturas de mercado en función da maior ou menor competencia existente, e a capacidade das empresas para controlar o mercado e fixar os prezos e a produción.

Ademais dos mercados perfectamente competitivos, na unidade analízanse os tres tipos ou estruturas de mercado máis característicos: a competencia monopolística, o oligopolio e o monopolio. Tamén se estudan as situacións de interdependencia empresarial a través da teoría de xogos como ferramenta que permite dar explicación a múltiples situacións económicas

CONTIDOS

- Mercado de competencia perfecta: características e comportamento.
- A competencia monopolística: características e comportamento.
- O oligopolio: características e comportamento.
- A teoría dos xogos en economía.
- O monopolio: causas de aparición, características e comportamento.
- Vantaxes e inconvenientes dos distintos tipos de mercado.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ao igual que nas dúas unidades anteriores, o coñecemento e a valoración crítica dos diferentes tipos de mercado que se encontran na realidade axudan os alumnos a conseguir a competencia social e cívica, pois fáiselles coñecedores das estratexias que as empresas utilizan e as condicións que estas poden aproveitar para chegar a resultados de menor benestar para o consumidor, para que, con este coñecemento, os alumnos

actúen en consecuencia e, desde un comportamento ético, a súa acción individual favoreza realidades máis xustas e de maior felicidade para a sociedade no seu conxunto.

A través da análise de anuncios e diferentes técnicas que usan os creativos das axencias de publicidade, podemos desenvolver a competencia conciencia e expresións culturais, ao identificar os valores e elementos artísticos que se poñen en xogo en cada caso para motivar a compra dos consumidores.

Como en todas as unidades, a secciónTemas de reflexión e debate axuda a conformar un criterio propio e a favorecer a competencia básica de aprender a aprender. Por último, seguimos utilizando a linguaxe matemática e gráfica, de maneira que fomentemos a competencia matemática.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001.

### Recursos na rede

– Páxina oficial da Comisión Nacional da Competencia que ofrece información sobre as actuacións deste órgano e dos expedientes abertos:.http://www.cncompetencia.es

## UNIDADE 7: O mercado de traballo e o emprego

### INTRODUCIÓN

“Somos capaces de conseguir cantidades crecentes de riqueza con cantidades decrecentes de traballo” (André Gorz).

Presentado o mercado de bens e servizos nas unidades anteriores, nesta unidadeabórdase o funcionamento dun mercado de factores produtivos: o traballo. É un mercado moi especial, tanto pola natureza do factor intercambiado, coma polas consecuencias sociais, humanas e económicas que o desemprego carrexa ás persoas que

o padecen.

O desemprego afecta especialmente aos colectivos de mozos e mulleres e a aquelas persoas con maiores dificultades para adaptarse aos cambios da demanda do mercado.
No desenvolvemento da unidade, analízanse os conceptos básicos que definen o mercado de traballo e que permiten entender as causas do desemprego, os seus tipos e
os seus efectos, así como os mecanismos que se utilizan para a súa medición.

Por outro lado, póñense de manifesto as políticas que desde distintos puntos de vista se
propuxeron para diminuír o volume de paro, profundando nas dificultades que encontran os mozos no seu camiño cara á vida activa e as posibles vías para superar esa
proba con éxito.

CONTIDOS

- Grupos de poboación en función do seu acceso ao mercado de traballo, poboación activa, inactiva, ocupada e en paro.
- O mercado de traballo: factores que afectan a oferta e a demanda.
- Imperfeccións do mercado de traballo.
- Taxa de actividade e de paro.
- Desemprego: causas principais e tipos de desemprego.
- As políticas de emprego e as súas consecuencias.
- Evolución do mercado de traballo.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Nesta unidade exprésase unha preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores, insistindo en cuestións tan vitais como a erradicación da discriminación
das mulleres traballadoras ou a necesidade de establecer unhas condicións de traballo
seguras e saudables. Estes contidos favorecen a competencia social e cívica dos nosos
alumnos, necesaria para o coñecemento e interpretación da realidade en que viven.

Os contidos da unidade favorecen tamén a competencia matemática a través do traballo
coas ratios que relacionan diferentes variables agregadas do mercado laboral, así como
do uso e representación gráfica de modelos económicos.

Ao longo da unidade ponse de manifesto a necesidade actual dos traballadores de recorrer á formación permanente como vía de adaptación ás cambiantes esixencias do
mercado de traballo.Neste sentido, é básico favorecer nos alumnos o desenvolvemento
da competencia de aprender a aprender. Coa secciónTemas de reflexión e debate preténdese desenvolver unha perspectiva crítica que poña de manifesto as distintas
alternativas de formación e inserción laboral dos alumnos. A valoración das vantaxes e
inconvenientes de cada alternativa ten como finalidade fomentar a autonomía e iniciativa empresarial dos alumnos á hora de tomar as súas propias decisións.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.

–MANKIW, Gregory:Principios de economía. Madrid, McGraw-Hill, 1998.
–MERIGÓGONZÁLEZ, E.: “El desempleo: sus factores; políticas contra el paro”, en Enciclopedia práctica de economía. Barcelona, Orbis, 1987, vol. V.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.), 2001.
–SOLOW, R.:El mercado de trabajo como institución. Madrid, Alianza, 1992.

Recursos na rede

–Información relativa ao mercado de traballo español:www.ine.es
–Servizo público de emprego estatal:www.inem.es

UNIDADE 8: Os indicadores económicos

INTRODUCIÓN

“O PIB mide só o valor de todos os bens e servizos que son obxecto de compravenda nos mercados, que non é o mesmo que o valor de todo o que se produce, e, menos aínda, do que se desexa” (Steven E. Landsburg).

A unidade 8 aborda o estudo macroeconómico. Nela trátase de medir a actividade que se realiza nun determinado medio xeográfico para ofrecer unha visión o menos complexa posible do funcionamento dunha economía, pero que permita diagnosticar o nivel de actividade económica.

A análise macroeconómica ofrece unha medición das distintas relacións económicas do conxunto de axentes que interveñen nos asuntos económicos a través de variables agregadas; por iso, a unidade estuda polo miúdo a macromagnitude fundamental, o PIB (produto interior bruto), para despois analizar as magnitudes derivadas do mesmo.

En definitiva, trátase de facilitar os alumnos un achegamento aos datos globais da economía a través das principais variables da contabilidade nacional. A análise complétase cunha visión crítica que permita desvelar as insuficiencias e limitacións das variables macroeconómicas como indicadoras da calidade de vida das persoas.

CONTIDOS

- Microeconomía e macroeconomía.
- Os problemas macroeconómicos: o crecemento, o emprego, a importancia da estabilidade e equilibrio nos prezos, o orzamento público e o sector exterior, e a equidade presente e interxeracional.
- O fluxo circular da renda.
- O PIB, procedementos de medición, magnitudes derivadas e compoñentes.
- A renda nacional, a renda persoal dispoñible e a renda por habitante.
- A distribución da renda.

- A renda e a riqueza dun país. Compoñentes da riqueza.
- O PIB e a calidade de vida: críticas ao PIB como indicador económico e indicadores alternativos.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O estudo da disciplina económica desde unha perspectiva global favorece nos alumnos

o coñecemento e análise dunha realidade que, con certeza, cada día estará máis presente nas súas vidas, polo que estimula a necesaria competencia no coñecemento económico apoiado na interacción co mundo físico. Ademais, na construción de modelos e a análise dos problemas que abordan a interrelación entre variables agregadas, os alumnos deben sintetizar multitude de datos, o que contribúe a desenvolver as competencias en matemáticas e no tratamento da información.
Os contidos que tratan sobre o estudo da distribución da renda e a medición do grao de desenvolvemento das diferentes zonas xeográficas estimulan a crítica persoal e argumentada cara ás inxustizas provocadas por unha distribución de recursos moi desigual; así, favorécese o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, do mesmo modo que se traballa a competencia social e cívica ao poñer de manifesto que a sensibilidade e a solidariedade cidadá ante semellantes inxustizas son ferramentas básicas coas que contribuír a un mundo máis xusto.

A secciónAprende na rede facilita a autonomía dos alumnos na busca e análise da información, e, en definitiva, trata de reforzar a iniciativa persoal na aprendizaxe.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–DORNBUSCH, Rudiger:Macroeconomía. McGraw-Hill, 2000.
– BAJO eMONES:Curso de macroeconomía. Antoni Bosch (ed.), 1995.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–MUÑOZ CIDAD, Cándido:Las cuentas de la nación. Introducción a la economía aplicada. Madrid, Civitas, 2000.

Recursos na rede

–Informes interanuais das principais variables macroeconómicas:www.economyweb.com
– Portal especializado no ensino da economía en Bacharelato: www.ecobachillerato.com

UNIDADE 9: A intervención do Estado na economía

INTRODUCIÓN

“Hai que completar a man invisible do mercado coa man visible da política gobernamental” (Richard A. Musgrave).

Hoxe en día, na práctica totalidade de economías e especialmente nas máis desenvolvidas, o Estado intervén para corrixir os erros de mercado.Nesta unidade didáctica analízanse os principais fallos de mercado e as funcións e instrumentos de corrección cos que conta o sector público. A pesar de que ninguén discute hoxe que o sector público debe intervir, a gran cuestión é relativa ao seu grao de intervención; por iso, na unidade repásanse as principais correntes de pensamento económico que tratan de dar luz sobre este punto. En última instancia, analízase o Estado de benestar, centrando o estudo no caso español como referencia máis próxima aos alumnos.

Para abordar determinados contidos, retómanse e amplíanse conceptos xa tratados, como o sistema de economía mixta e o papel económico do Estado. Á súa vez, o aprendido nesta unidade ten continuidade en unidades posteriores, especialmente o concernente ao estudo das políticas económicas.

CONTIDOS

- A evolución do Estado: do Estado gardián ao Estado protagonista.
- Os fallos de mercado: ciclos económicos, externalidades, bens públicos, falta de competencia e equidade.
- A política económica e os valores dunha sociedade.Os conflitos entre valores.
- Os xuízos de valor nas decisións económicas, economía normativa e positiva.
- O Estado de benestar: beneficiarios e claves de futuro.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O protagonismo do Estado na economía é necesario para corrixir os fallos provocados polo libre funcionamento do mercado. O estudo deste feito favorece nos alumnos a adquisición da competencia social e cívica ao tratar temas como a sensibilización ante as externalidades negativas e os seus efectos sobre o medio ambiente, ou a desigual distribución da renda e a riqueza.

A través dos debates sobre as vantaxes e inconvenientes da intervención do Estado na economía e da comparativa entre países do noso medio, desenvólvese a competencia en comunicación lingüística, e o alumnado adquire un maior coñecemento e interacción co mundo físico, pois aprende a relación que existe entre a vida dos cidadáns, as políticas económicas e a construción do Estado de benestar. Os criterios económicos de eficiencia deben complementarse con valores como a equidade, a sustentabilidade e a solidariedade.

O papel do Estado na economía mixta, ao ser susceptible de ser interpretado

desde
múltiples perspectivas, estimula a reflexión por parte dos alumnos sobre as
posibles
estratexias que poden formar parte do plan do Estado en prol de cumprir coas
súas
responsabilidades. Con isto, foméntanse a competencia de aprender a aprender.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–LÓPEZ LÓPEZE UTRILLA:Introducción al sector público español. Madrid, Civitas, 1993.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–CUERVO-ARANGOE TRUJILLO, J. A.:Introducción a la economía. Ciudad de México, McGraw-Hill, 1989.
–TORRESLÓPEZ, J.:Economía política. Madrid, Civitas, 2000.
–TRAVÉ, Gabriel,et al.:Didáctica de la economía en el Bachillerato. TRAVÉ, Gabriel (ed.),
2001.
Recursos na rede

–Directorio especializado en información sobre o sector público na rede: www.admiweb.org

UNIDADE 10: O equilibrio e os cambios na economía

INTRODUCIÓN

“Cando o seu veciño perde o traballo, é un estancamento; cando é vostede quen o perde, é unha recesión; cando é un economista quen perde o seu, é unha depresión” (Anónimo).

Nesta unidade profúndase no funcionamento global da economía a través do modelo da oferta e a demanda agregadas, que é o instrumento fundamental que se emprega para analizar aspectos como a produción, a inflación, o desemprego, o crecemento e, en xeral, o papel da política económica. Con isto preténdese axudar os alumnos a comprender as forzas que actúan na economía e os cambios que se producen nela.O modelo da oferta e a demanda agregadas levaranos a retomar conceptos xa analizados, como o PIB, e a presentar variables básicas como o consumo e a inversión, cuxo papel é fundamental para entender os cambios aos que está sometido o equilibrio global dunha economía.

Para completar o estudo macroeconómico, aparte das cifras rexistradas oficialmente na contabilidade nacional, é necesario analizar a economía non declarada ou somerxida, tema abordado ao final da unidade didáctica, onde se poñen de manifesto a súa dimensión e os problemas que xera.

CONTIDOS

- Consumo privado, os factores que o determinan e os indicadores da súa evolución.
- O aforro e os factores que o determinan.

- A inversión e os seus tipos.
- O efecto multiplicador da inversión.
- O modelo de demanda agregada.
- O modelo de oferta agregada.
- Equilibrio macroeconómico: os cambios na oferta e a demanda agregadas, e os seus efectos sobre o equilibrio.
- Visión global da economía dun país: obxectivos básicos e factores que inflúen.
- A economía somerxida.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O modelo macroeconómico máis importante é, quizais, o que se estuda nesta unidade: a oferta e a demanda agregadas. Os modelos económicos son unha ferramenta básica para tratar a información e avanzar no coñecemento da ciencia económica, e a súa construción contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática. Ademais, o contraste entre modelo e realidade permite o coñecemento e a interacción co mundo físico. A visión global sobre o funcionamento da economía dun país evidencia as conexións que teñen lugar entre as distintas variables da economía global, e permítelle ao alumno establecer relacións entre a realidade que vive e os conceptos económicos tratados, potenciando desta forma a súa autonomía e iniciativa persoal. A formación en contidos económicos axuda a comprender moitos asuntos da vida diaria, estimula a reflexión e reforza a competencia de aprender a aprender.

O estudo da economía somerxida relaciónase de maneira moi especial coa competencia social e cívica, ao poñer de manifesto a insolidariedade e o agravio provocados por quen a practican respecto ao resto de cidadáns e empresarios. As lecturas propostas na secciónTemas de reflexión e debate, onde se avoga pola necesidade dun consumo responsable, son unha oportunidade máis para reforzar a citada competencia.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–BAJOEMONÉS:Curso de macroeconomía. Antoni Bosch (ed.), 1995.
–GELZUNEGUI, Bernardo;CABRERIZO, Julián, y PADILLA, Rafael:Macroeconomía. McGraw-Hill, 2001.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–Cuadernos de apoyo didáctico: economía. Aula de El Mundo, Unidad Editorial, S. A., 2000.
–RUESGABENITO, S. M.:Cómo funciona la economía sumergida en España. Pirámide, 1988.
–SAMUELSON, P., y NORDHAUS, W. D.:Economía. McGraw-Hill, 2002.
Recursos na rede

–Síntese de indicadores do Banco de España: enwww.bde.es
–Confederación Española de Caixas de Aforros:www.ceca.es

– Web de divulgación económica:www.econolandia.es
UNIDADE 11: As contas públicas e a política fiscal

INTRODUCIÓN

"Benaventurados os mozos, porque eles herdarán a débeda nacional" (Herbert Hoover).

Na unidade anterior presentáronse as funcións do sector público e os instrumentos que utiliza o Estado para intervir nos sistemas de economía mixta. Esta unidade céntrase nun dos seus instrumentos máis importantes: os ingresos e os gastos públicos. O protagonismo económico crecente do Estado correspóndese, cada vez máis, cunha maior demanda da sociedade respecto da súa responsabilidade sobre a evolución do conxunto da economía e de garantía do Estado de benestar. A partir deste protagonismo económico e social, as finanzas públicas son cada vez máis importantes para poder soster o crecente gasto público, e, como consecuencia, adquire unha importancia crucial a política fiscal e orzamentaria.

CONTIDOS

- Os compoñentes do sector público.
- O orzamento público.
- Os gastos públicos: criterios de clasificación e principais tipos de gasto.
- A evolución do gasto público e as súas etapas.
- Déficit público e débeda pública.
- Os ingresos públicos: cotizacións sociais, tributos e outros ingresos.
- Impostos directos e indirectos.
- Impostos progresivos, proporcionais e regresivos.
- Presión fiscal, estrutura impositiva e fraude fiscal en España.
- A política fiscal: instrumentos e efectos sobre a demanda e a oferta agregadas.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Todos os alumnos coñecen a existencia da fraude fiscal, pero non saben os graves inconvenientes que provoca na sociedade do benestar. Por isto, esta unidade é especialmente idónea para traballar a competencia social e cívica, especialmente na secciónTemas de reflexión e debate, en que se pretende desenvolver unha perspectiva crítica cara á fraude fiscal.

A competencia para aprender a aprender tamén está presente, xa que, a través do traballo sobre a perspectiva económica, estamos favorecendo que os alumnos asimilen unha estratexia intelectual para abordar e comprender os problemas económicos que lles permita aprender con autonomía aquelas cuestións económicas polas que están interesados.

Coa secciónNa rede, o alumnado traballa as competencias sobre o tratamento da información e a competencia dixital para aprender a aprender, e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Así mesmo, a competencia matemática desenvólvese co uso de modelos económicos e a súa representación gráfica.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–BAJOEMONÉS:Curso de macroeconomía. Antoni Bosch (ed.), 1995.
–GELZUNEGUI, Bernardo;CABRERIZO, Julián, y PADILLA, Rafael:Macroeconomía. McGraw-Hill, 2001.
–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–Cuadernos de apoyo didáctico: economía. Aula de El Mundo, Unidad Editorial, S. A., 2000.
–RUESGABENITO, S. M.:Cómo funciona la economía sumergida en España.Pirámide, 1988.
–SAMUELSON, P., e NORDHAUS, W. D.:Economía. McGraw-Hill, 2002.
Recursos na rede

– Portal do Ministerio de Economía e Facenda:www.meh.es
UNIDADE 12: O diñeiro

INTRODUCIÓN

“Que fai ao torto galán e prudente ao sen consello? Que ao avarento vello sérvelle de río Xordán? Que fai de pedras pan sen ser o deus verdadeiro?” (Francisco de Quevedo).

Nas economías modernas, o diñeiro desempeña un papel primordial. Por iso, a comprensión da súa natureza e funcións, os cambios no seu valor e cantidade e como inciden estes cambios na economía son contidos fundamentais para entender o funcionamento básico dunha economía.

É, por outra parte, unha unidade en que se abordan contidos tan nucleares como os tipos de interese e a inflación, ou en que se explica como os bancos son capaces de crear o denominado diñeiro bancario.

CONTIDOS

- O diñeiro: evolución e clases.

- Funcións do diñeiro.
- Os tipos de interese: factores de influencia.
- A oferta monetaria e os seus compoñentes.
- Creación do diñeiro bancario e o coeficiente de caixa.
- A inflación e os seus tipos. A medición da inflación. Efectos da inflación na economía.
- Variables reais e nominais.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Esta unidade continúa o traballo sobre o consumo responsable dos alumnos a partir do traballo sobre pautas de consumo que se reflicte na cesta da compra, e desde a proporción de renda que gastan as familias en cada un dos capítulos.Así, preténdese desenvolver tamén unha perspectiva crítica cara aos efectos negativos do consumo irracional e as súas repercusións nos distintos colectivos.

Así mesmo, favorécese a competencia matemática cos cálculos do IPC, os números índice, as taxas de variación etc.

Ademais, ao longo da unidade, e especialmente coa secciónTemas de reflexión e debate, preténdese desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica.

Tamén esta unidade trata de favorecer a competencia de aprender a aprender, impulsando o alumno á busca de información e interpretación de datos para a súa asimilación e posterior aplicación deses coñecementos a problemas económicos actuais como a inflación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–LIPSEY, Richard G.,eHARBURY, Colin:Principios de economía.Vicens Vives, 1994.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.

Recursos na rede

– Páxina do Banco de España: www.bde.es

UNIDADE 13:O sistema financeiro e a política monetaria

INTRODUCIÓN

“Existiron tres grandes invencións desde o principio dos tempos: o lume, a roda e os bancos centrais” (Will Rogers).

Nesta unidade abórdanse os aspectos monetarios tratados na unidade anterior, enmarcándoos no sistema financeiro. O sistema financeiro, ao coordinar o aforro que se produce nunha economía coa inversión que se necesita, resulta fundamental para comprender o que ocorre na economía no seu conxunto. A diferenza doutros mercados,

o sistema financeiro cumpre a importante misión de unir presente e futuro. Os que ofrecen aforros, fano porque queren converter parte da súa renda actual en poder adquisitivo futuro. Os que demandan estes aforros, fano porque queren inverter hoxe co fin de poder producir bens e servizos no futuro. Por tanto, é importante que os mercados financeiros funcionen ben non só para as xeracións actuais, senón tamén para as futuras.
É, ademais, unha unidade que vai permitir entender aspectos relevantes do funcionamento da bolsa. Por último, mostrarase o funcionamento básico da política monetaria na zona euro, levada a cabo polo eurosistema.

CONTIDOS

- As funcións do sistema financeiro.
- Os intermediarios financeiros: funcións e tipos.
- Os activos financeiros.
- O financiamento das empresas a través do mercado de valores.
- Os mecanismos básicos da bolsa.
- Os índices bolsistas.
- Tipo de interese real e nominal.
- A política monetaria: instrumentos e efectos sobre a economía.
- O microcrédito e a banca alternativa á tradicional.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Nos contidos desta unidade está presente o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, xa que o traballo con gráficos e exemplos da economía real favorece que os alumnos sexan capaces de aprender de forma máis eficaz e autónoma de acordo cos seus propios obxectivos.Tamén traballa a competencia matemática cando se interpreta a información bolsista.

Coa secciónTemas de reflexión e debate, preténdese desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica, expoñendo alternativas á orde económica que os alumnos coñecen e que eles mesmos deberán valorar. Por esta razón,

a competencia social e cívica está tamén moi presente.

Coa secciónNa rede, trabállase a competencia sobre o tratamento da información e a
competencia dixital para aprender a aprender e sobre o sentido de iniciativa e espírito
emprendedor.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–KRUGMAN, P., e WELLS, R.:Introducción a la economía. Microeconomía. Reverte, 2006.
–LIPSEY, Richard G.,eHARBURY, Colin:Principios de economía.Vicens Vives, 1994.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.

Recursos na rede

–Portal do Tesouro Público:www.tesoro.es
–Portal da Comisión Nacional do Mercado de Valores:www.cnmv.es

UNIDADE 14: Comercio internacional, balanza de pagos e tipos de cambio

INTRODUCIÓN

“As grandes multinacionais son pequenas empresas que tiveron éxito” (Robert Townsend).

O eixo da unidade constitúeo o comercio internacional. A partir das distintas teorías que xustifican a súa existencia e a súa conveniencia ou non para os distintos países, os nosos alumnos entenderán mellor a natureza dos intercambios entre países, a súa contabilización a través da balanza de pagos e as súas vantaxes comparativas e os obstáculos ao libre comercio, así como o papel que desempeñan os organismos económicos internacionais e as alternativas de comercio xusto e solidario. Ademais, verase que nun mundo en que as relacións de intercambio entre países son cada vez maiores, é necesario un sistema financeiro internacional estable que permita o conseguinte fluxo de movementos internacionais entre as distintas moedas.O impresionante tamaño que adquiriron estes intercambios e a súa influencia decisiva nos resultados da economía internacional fan que resulte imprescindible o seu coñecemento para entender as claves do funcionamento do mundo actual. Sen comprender por que o diñeiro circula rapidamente entre uns países e outros e como iso pode influír na evolución económica mundial, teríamos unha visión parcial do noso contexto económico.

CONTIDOS

- As vantaxes e os inconvenientes do libre comercio.
- Obstáculos ao libre comercio: o proteccionismo.
- A balanza de pagos: conta corrente, de capital, financeira e de erros e omisións.
- As distintas teorías do comercio internacional.
- O intercambio entre distintas moedas: os tipos de cambio.
- Os sistemas de fixación de tipos de cambio: tipos de cambio flexibles, fixos e axustables.
- Causas e efectos da apreciación ou depreciación dunha moeda.
- O sistema financeiro internacional.

▫
Equilibrio e desequilibrio externos e as súas implicacións na política fiscal e monetaria dun país.
▫
O mercado global de capitais: vantaxes e inconvenientes da súa liberalización.
▫
A débeda externa: quen son os debedores e quen os acredores e posibles solucións.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A través do traballo que se realiza sobre a perspectiva económica, estamos favorecendo que os alumnos incorporen unha estratexia intelectual para abordar e comprender os problemas económicos e que lles permita aprender con autonomía aquelas cuestións económicas polas que están interesados.

Coa secciónAprende na rede, continúase co traballo en relación ás competencias sobre o tratamento da información e a competencia dixital para aprender a aprender e sobre o sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Ademais, tamén se trata de desenvolver a competencia matemática coa contabilización das operacións entre países na balanza de pagos.

Coa secciónTemas de reflexión e debate, preténdese desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–LIPSEY, Richard G.,eHARBURY, Colin:Principios de economía.Vicens Vives, 1994.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.

Recursos na rede

–Páxina da Organización Mundial do Comercio:www.wto.org
–Fondo Monetario Internacional: www.imf.org

UNIDADE 15: A globalización da economía

INTRODUCIÓN

“A globalización está causando un obsesivo afán de identidade que vai provocar moitos enfrontamentos. As nosas cabezas mundialízanse, pero os nosos corazóns localízanse” (Juan Antonio Marina).

O proceso de globalización económica que vivimos na actualidade ten indubidables vantaxes, pero non está exento de problemas, sobre todo para os países pobres. Ese

proceso de globalización, impulsado por factores de diversa natureza, presenta unhas características propias que se verán na unidade. Ademais, desde este marco globalizador e co estudo das súas consecuencias para os distintos países, os nosos alumnos entenderán mellor o mundo que lles rodea.

Por outro lado, neste mundo de globalización cultural, económica etc., moitos países procuran mellorar a súa situación económica e aumentar o seu poder a escala mundial, levando a cabo procesos de integración, dos que o exemplo máis claro, actual e achegado é o da UE. Esta unidade exporá como se levou este proceso integrador e cales son as políticas e instrumentos de que dispón actualmente a UE para cumprir os seus obxectivos.

CONTIDOS

- Procesos de integración económica.
- Proceso de integración económica da UE.
- Políticas económicas máis importantes da UE.
- A globalización e os seus distintos aspectos.
- As causas da globalización.
- As consecuencias da globalización.
- As relacións entre crecemento, desenvolvemento económico e desenvolvemento humano.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A través do traballo que se realiza sobre a perspectiva económica, estamos favorecendo que os alumnos incorporen unha estratexia intelectual para abordar e comprender os problemas económicos e que lles permita aprender con autonomía aquelas cuestións económicas polas que están interesados.

Coa secciónAprende na rede, continúase co traballo en relación ás competencias sobre o tratamento da información e a competencia dixital para aprender a aprender e sobre o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Coa secciónTemas de reflexión e debate, preténdese desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos dunha realidade económica como é a globalización.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–COHEN, Daniel:Tres lecciones sobre la sociedad postindustrial. Katz, 2007.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–STIGLITZ, Joseph:El malestar en la globalización. Santillana, 2002.

Recursos na rede

– Páxina da Unión Europea:http://europa.eu/index_es.htm
UNIDADE 16: Os grandes desafíos da economía actual

INTRODUCIÓN

"Imponse cada vez máis a necesidade dun novo desenvolvemento, humano e ecolóxico, froito do sistema de valores correspondente a unha nova cultura" (J. L. Sampedro).

Tres cuartas partes da poboación mundial viven no que adoita denominarse países en vías de desenvolvemento. Estes países presentan un dos problemas económicos máis importantes, se non o principal, á teoría económica: o das grandes desigualdades existentes entre os habitantes do noso planeta. Por que existen esas grandes diferenzas entre países? Como é posible que coexistamos persoas que temos cubertas todas as nosas necesidades e gran parte dos nosos desexos con outras que non poden nin alcanzar

o mínimo que necesitan para vivir? Quen debe resolver esta situación?
Con esta unidade abordamos estas cuestións, definitorias do noso medio económico actual, así como outras que tamén o caracterizan referentes ao medio ambiente e o seu deterioración debido á actividade económica humana e o fenómeno da emigración internacional. Tratarase, en definitiva, de que os nosos alumnos comprendan e se interesen por coñecer e descubrir os grandes desafíos da economía actual.

CONTIDOS

- Os fallos de mercado a escala internacional: desigualdades, externalidades negativas, falta de competencia, degradación de bens públicos internacionais e crises económicas.
- As desigualdades e o desenvolvemento.Desigualdades no interior dun Estado e desigualdades entre países.
- Características do subdesenvolvemento.
- Teorías que describen as causas do subdesenvolvemento.
- Efectos da actividade económica e o consumo sobre o medio ambiente.
- O fenómeno da emigración: causas e consecuencias.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Esta unidade trata de favorecer, en particular, o desenvolvemento da competencia social e cívica nos nosos alumnos a partir dun traballo de sensibilización ante os problemas medio ambientais e de desigualdades sociais que o modelo de crecemento económico actual provocou. Coa secciónTemas de reflexión e debate, preténdese desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica.

Entre os contidos está tamén presente o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender. A través do traballo sobre a perspectiva económica, estamos favorecendo que os alumnos incorporen unha estratexia intelectual para abordar e comprender os

problemas económicos e que lles permita aprender con autonomía aquelas cuestións económicas polas que están interesados.

Coa secciónAprende na rede, continúase co traballo en relación ás competencias sobre
o tratamento da información e a competencia dixital para aprender a aprender e sobre o
sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Bibliografía

–CABRERA, Andrés:Materiales didácticos: economía. Madrid, MEC, 1993.
–MANKIW, Gregory:Principios de economía.McGraw-Hill, 1998.
–STIGLITZ, Joseph:Economía. Ariel, 1995.
–KOUGMAN:Economía internacional. McGraw-Hill.
Recursos na rede

–Informes anuais sobre o estado do mundo do Worldwatch Institute:www.worldwatch.org/
– Páxina da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico: www.ocde.org

7-.CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COS RESPECTIVOS
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS E
CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

Contidos Criterios de
avaliación
Estándares de
aprendizaxe
C-Clave Mínimos esixibles

Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica

B1.1.Escaseza, B1.1. Explicar o
elección e asignación problema da
de recursos. Custo de escaseza: recursos
oportunidade. escasos e
necesidades
ilimitadas.
ECB1.1.1. Recoñece
a escaseza e a
correspondente
necesidade de elixir
entre decisións
alternativas, como
problema máis
determinante para
afrontar en todo
sistema económico.
CAA
CMCCT
Actividade
económica.
Ciencia económica.
Recursos
económicos
Necesidade.
Escaseza.
Bens e sevicios.
Sector público.
Modelo económico.
Economía positiva.
Economía normativa.
Coste de
opurtunidade
Fronteira de
posibilidades de
produción.
Eficiencia.
Sistema de economía
de mercado.
Sistema de economía
mixta.
B1.2. Mecanismos de B1.2. Observar os
asignación de problemas
recursos. B1.3. económicos dunha
Análise e comparación sociedade, así como
dos diferentes analizar e expresar
sistemas económicos. unha valoración
crítica das formas de
resolución desde o
punto de vista dos
sistemas
económicos.
ECB1.2.1. Analiza as
respostas ás preguntas
clave sobre a
organización dos

principais sistemas
económicos.
.
CSC
CMCCTCD
ECB1.2.2. Relaciona,
para a súa
interpretación, os
cambios máis
recentes no escenario
económico mundial
coas circunstancias
técnicas, económicas,
sociais e políticas que
os explican, a partir
de casos concretos de
análise.
CSC
CD
CAA
ECB1.2.3. Compara
sistemas económicos,
utilizando exemplos
actuais do ámbito
internacional
CAA
CD
CSC

B1.4.Economía como B1.3. Comprender o
ciencia: actividade método científico
económica e que se utiliza na área
sociedade. da economía, así
como identificar as
B1.5.Principios na fases da
toma de decisións investigación
económicas. científica en
economía e os
B1.6.Os modelos modelos
económicos. económicos.
Economía positiva e
Economía normativa.
B1.7.Información
económica:
interpretación de datos
e gráficos.
ECB1.3.1. Distingue
as proposicións
económicas positivas
das proposicións
económicas
normativas.
CAA
CMCCT
Sistema de
planificación central.
ECB1.3.2. Interpreta
os modelos de
representación da
realidade económica,
e emprega os termos e
a metodoloxía
apropiados para
analizar problemas
económicos
concretos.
CCL
CMCCTCD
Bloque 2. A actividade productiva
B2.1.Proceso B2.1. Analizar as
produtivo e factores características
de produción. principais do proceso
produtivo.
ECB2.1.1. Expresa
unha visión integral
do funcionamento do
sistema produtivo
partindo do estudo da
empresa e a súa
participación en
sectores económicos,
así como a súa
conexión e
interdependencia.
CAA,
CCL,
CSC
Os axentes
económicos.
Proceso de
produción e
elementos.

Os factores
produtivos, concepto
e diferenciación.
Función de
produción.
Beneficio
empresarial.
Rendemento, clases.
O custo de
produción, clases.
B2.2.División técnica B2.2. Explicar as
do traballo, razóns do proceso de
productividade e división técnica do
interdependencia. traballo.
ECB2.2.1. Relaciona
o proceso de división
técnica do traballo
coa interdependencia
económica nun
contexto global.
CSC,
CMCCT,CC
L

ECB2.2.2. Clasifica e
define os factores
produtivos, e describe
as relacións entre
produtividade,
eficiencia e
tecnoloxía.
Calcula, clasifica e
utiliza diversos tipos
de custos, fixos e
variables, totais,
medios e marxinais B2.3.Globalización: B2.3. Identificar os ECB2.3.1. Analiza
CSIEE,
cambios no sistema efectos da actividade para explicar as
productivo ou na empresarial para a repercusións da CCL
organización da sociedade e a vida actividade das
producción. das persoas. empresas, tanto nun
ámbito próximo coma
nun ámbito
internacional.
O curto e longo
prazo en produción
Eficiencia técnica.
Eficiencia
económica.
B2.4.Empresa: B2.4. Expresar os
obxetivos e funcións. obxectivos e as
funcións principais
das empresas,
utilizando
referencias reais do
ámbito próximo e
transmitindo a
utilidade que se xera
coa súa actividade.
ECB2.4.1. Distingue
e interpreta os
obxectivos e as
funcións das
empresas.
CSIEE,
CAA,
ECB2.4.2. Explica a
función creadora de
utilidade dos bens das
empresas.
CD,
CCL
B2.5.Eficacia, B2.5. Relacionar e ECB2.5.1. Determina CD,
eficiencia e distinguir a e interpreta a
efectividade. eficiencia técnica e a eficiencia técnica e CMCCT
eficiencia
B2.6.Eficiencia na económica.
económica a partir
dos casos formulados.
Sector económico,
clases.
producción: eficiencia
técnica e económica.
B2.7.Custos de B2.6. Calcular e
producción: Cálculo e controlar os custos e
análise dos custos de os beneficios das
producción e dos empresas, e

beneficios. representar e
interpretar gráficos
relativos a eses
conceptos.
ECB2.6.1. Calcula,
clasifica e utiliza
diversos tipos de
custos, fixos e
variables, totais,
medios e marxinais, e
representa e interpreta
gráficos de custos.
CMCCT,CD
ECB2.6.2. Calcula, CMCCT,CD
analiza e interpreta os
beneficios dunha
empresa a partir de
supostos de ingresos e
custos dun período.

B2.8.Función de B2.7. Analizar, ECB2.7.1. Representa CMCCT,CD
producción. representar e e interpreta gráficos
interpretar a función de produción total,
de produción dunha media e marxinal, a
empresa a partir dun partir de supostos
caso dado. dados.
Bloque 3: o mercado e o sistema de prezos
B3.1.Curva de B3.1. Interpretar, a
demanda. partir do
Movementos ao longo funcionamento do
da curva de demanda e mercado, as
variacións en
desprazamentos na cantidades
curva de demanda. demandadas e
Elasticidade da ofertadas de bens e
demanda. servizos en función
de distintas
B3.2.Curva de oferta. variables.
Movementos ao longo
da curva de oferta e
desprazamentos na
curva da oferta.
Elasticidade da oferta.
B3.3.Equilibrio do
mercado.
ECB3.1.1. Representa
graficamente os
efectos das variacións
das variables no
funcionamento dos
mercados.
.
CMCCT,CD Curva.
Demanda.
Curva
Oferta.
Exceso de demanda e
oferta.
Expansión e
contracción.
Equilibrio e
desequilibrio.
Factores dos que
dependen a oferta e a
demanda.
Desprazamentos
dunha curva.
Desprazamentos ao
longo dunha curva.
ECB3.1.2. Define e
expresa
matematicamente as
variables que
determinan a oferta e
a demanda.
CMCCT
CCL
ECB3.1.3. Analiza as
elasticidades de
demanda e de oferta,
interpretando os
cambios en prezos e
cantidades, así como

os seus efectos sobre
os ingresos totais
CMCCT
CD
B3.2. Analizar o
funcionamento de
mercados reais e
observar as súas
B3.4.Diferentes diferenzas cos
estruturas de mercado modelos, así como as
e modelos de súas consecuencias
competencia. para os/as
consumidores/as, as
empresas ou os
estados.
B3.5.Competencia
perfecta. Competencia
imperfecta.
ECB3.2.1. Analiza e
compara o
funcionamento dos
tipos de mercados, e
explica as súas
diferenzas.
CMCCT
CCL
ECB3.2.2. Aplica a
análise dos tipos de
mercados a casos
reais identificados a
Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización... E todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

-Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
-Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
-Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
-Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
-Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
-Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

Comunicación lingüística

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos... As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

Os descritores que priorizaremos serán:

-Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
-Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
-Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc.É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas,

tanto individuais coma
grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos
relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización

de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de
varios medios e formatos dixitais, e na publicitación do que queiramos transmitir. Por todo iso,
formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha
actitude activa, segura e crítica cara a estes.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

-Empregar distintas fontes para a busca de información.
-Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios
tecnolóxicos.
-Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
-Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
-Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
Conciencia e expresións culturais

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos
trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e
Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión
creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

Polo tanto, nesta área traballaremos os seguintes descritores:

-Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
-Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola
estética no ámbito cotián.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
Competencias sociais e cívicas

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar
ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras
persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais... Os
diferentes aspectos que se tratarán desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o
espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as administracións
públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a
análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no
mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades
necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

-Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
-Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

-Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
-Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a
resolución de conflitos.
-Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no
desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos.
Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa
autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a
organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o
pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun
mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de
recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de
negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

Os descritores que adestraremos son:

-Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
-Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
-Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
-Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
-Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
-Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
-Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso
alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como
a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o
alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as
aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o
coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os
mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e creativo
para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e
avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

Para o desenvolvemento desta competencia, adestraremos os seguintes descritores:

-Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias
múltiples, funcións executivas...
-Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
-Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
-Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados
intermedios.
-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

5. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os contidos da área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial agrúpanse en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe formúlanse para 4.º curso da ESO.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicos que lle permitan alcanzar unha cultura científica; os alumnos e as alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

CONTIDOS

Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación

1. A empresa na sociedade.
2. O carácter emprendedor.
3. As áreas de actividade profesional.
4. A carreira profesional.
5. Oferta e demanda de traballo.
6. A relación laboral.
7. O contrato de traballo.
8. A negociación colectiva.
9. Que é a Seguridade Social?
10. O Réxime Xeral da Seguridade Social.
11. Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
12. Riscos laborais.

Bloque 2. Proxecto empresarial

1. A idea de negocio.
2. Elementos e estrutura da empresa.
3. O plan de empresa (I).
4. O plan de empresa (II) A contabilidade como medida do patrimonio.
5. Documentos comerciais.
6. A información de recursos humanos.
7. O arquivo.
8. O proceso produtivo.
9. Valor e mercadotecnia.
10. A promoción.
11. Axudas á creación de empresas.

Bloque 3. Finanzas

1. A forma xurídica da empresa.
2. Trámites e autónomos.
3. Trámites e sociedades.
4. A sociedade limitada expresa.
5. Os investimentos na empresa.
6. As fontes de financiamento (I).
7. As fontes de financiamento (II).
8. Outras formas de financiamento.
9. A planificación financeira (I).
10. A planificación financeira (II).
11. VAN, TIR e limiar de rendibilidade.
12. Ratios. Impostos.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación

1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.

1.1. Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.

1.2. Investiga con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, autoemprego e carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.

2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

3. Actuar como un futuro traballador responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada así como comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.

3.1. Identifica as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

3.2. Distingue os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas
traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas
continxencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.
3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica
máis relevantes no contorno indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como
as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.
Bloque 2. Proxecto empresarial

1. Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa
relación co contorno así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa
rede loxística como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de
almacenaxe entre outros.
1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e
tomando parte na actividade que esta desenvolve.
1.2. Identifica as características internas e externas do proxecto de empresa así como os
elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou
comercialización, almacenaxe, e outros.
1.3. Describe a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as
funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do
proceso produtivo ou comercial.
2. Identificar e organizar a información das distintas áreas do proxecto de empresa aplicando
os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.
2.1. Manexa como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e
seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión
financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto
de empresa.
2.2. Transmite información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de
empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento
protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.
3. Realizar actividades de produción e comercialización propias do proxecto de empresa
creado aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.
3.1. Crea materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa
incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da
mercadotecnia.
3.2. Desempeña tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando
decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras
segundo un plan de control prefixado.
3.3. Recompila datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno

próximo como do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao
proxecto de empresa formulado.

Bloque 3. Finanzas

1. Describir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como coas esixencias de capital.
1.1. Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.
1.2. Enumera as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.
1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.
2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica incluíndo as externas e internas valorando as máis adecuadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.
2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
2.2. Caracteriza de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.
3. Comprender as necesidades da planificación financeira e de negocio das empresas ligándoa á previsión da marcha da actividade sectorial e económica nacional.
3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.
3.2. Analiza os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.
3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.
7. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA
En concreto, na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman os andamios da materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico.

O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia
do mundo da empresa na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións
consideran. Para iso, necesitamos certo grao deadestramento individual e traballo reflexivo
sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o
desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación
audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o adestramento sistemático de
destrezas emprendedoras, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de
habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta
perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias
predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde ateoría das
intelixencias múltiples facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos
que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial é indispensable avinculación a
contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as
tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de
aplicación dos contidos.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén
reflexionar sobre estas cuestións:
-Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
-Cal foi o resultado da realización das actividades?
-Cales delas gustaron máis?
-Que propostas de mellora podemos sinalar?

9. EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO
A partir do traballo cos desempeños competenciais, obteranse diversas evidencias de aprendizaxe,
vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos
portfolios de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades
didácticas, se planifiquen a realización e a recollida de probas que mostren o nivel de consecución
do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna; esta recollida pode pautarse ou deixar que sexa o propio alumnado o que seleccione que evidencias quere mostrar.
Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital. No anexo de avaliación preséntase un guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:
-Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
-Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e as alumnas.
-Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicalos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
-Probas escritas que evidencien o traballo cos estándares de aprendizaxe.
-Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
-Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN
En cada avaliación, a profesora, o departamento, decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus estudantes. Para a súa determinación, poden apoiarse nunhas táboas como as seguintes:

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|---|
| Ferramentas de avaliación do traballo competencial | |
| Probas de avaliación escritas | |
| Evidencias dos estándares de aprendizaxe | |
| Cualificación total | |

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL

1.ª avaliación
2.ª avaliación
3.ª avaliación
Portfolio de aprendizaxe
Cualificación total

Así mesmo, cada centro determinará o peso de cada área e competencia de cara á promoción final
de cada alumno e alumna.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS
Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

-A proposta didáctica para Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, 4.º ESO.
-O libro dixital.
-Os cadernos de estratexias metodolóxicas.
-As monografías didácticas.
-A web do profesorado.
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN
Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en
primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe
coñecerse a relativa a:

-O número de alumnos e alumnas.
-O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
-As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos
curriculares.
-As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden
abordar(planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da
eficacia de medidas, etc.).

-As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
-Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
-Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos
cooperativos.
-Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do
grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que
tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a
partir dela poderemos:

-Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización
de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con
necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero
que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

-Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de
espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
-Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os

recursos que se van empregar.
-Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
-Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
-Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto

de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou
titora.

13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da

realización e
desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica

proponse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

PROPOSTAS DE

ASPECTOS PARA PARA PARA

MELLORA

AVALIAR DESTACAR... MELLORAR...

PERSOAL

Temporalización das
unidades didácticas
Desenvolvemento dos
obxectivos didácticos
Manexo dos contidos da
unidade
Descritores
e desempeños
competenciais
Realización de tarefas
Estratexias metodolóxicas
seleccionadas
Recursos
Claridade nos criterios
de avaliación
Uso de diversas
ferramentas de avaliación
Portfolio de evidencias
dos estándares de
aprendizaxe
Atención á diversidade
Interdisciplinariedade

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE 1
TítuloAs empresas e a actividade empresarial
Descrición da unidade
Nesta primeira unidade didáctica abórdanse aspectos clave para a toma de decisións relacionadas
coa carreira profesional. A unidade comeza introducindo o papel das empresas na economía
española e reforzando a distinción entre microempresas, pemes e grandes empresas. Ademais,
poñemos atención ao papel do emprendemento así como ao fenómeno do intraemprendemento.
Seguidamente, destacamos as características principais das persoas emprendedoras co fin de que o
alumnado trate de identificar algunha delas na súa persoa.
A segunda parte da unidade está dedicada ás áreas de actividade profesional, destacando os
conceptos de familia profesional, cualificación profesional e unidade de competencia. Tratamos de
ofrecer esta información co fin de que o alumnado poida realizar buscas concretas que lle axuden a
definir a súa carreira profesional. A unidade péchase poñendo atención ao concepto de itinerario
formativo e analizando os factores obxectivos e subxectivos que inciden na decisión acerca do
rumbo da propia carreira profesional.

Temporalización: doce sesións.

Setembro: Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS
-Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con
iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e as empresarias e o seu
papel na xeración de traballo e benestar social.

-Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno,
os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha
delas, razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

–
Deseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do
contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a
necesidade de formación ao longo da vida.
3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE
APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE
Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e
competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a
aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor
(CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Criterios Estándares de aprendizaxe

Contidos CC

de avaliación avaliables

-A empresa na
sociedade.
-O carácter
emprendedor.
-As áreas de actividade
profesional.
-A carreira profesional.
1. Describir as calidades
persoais e destrezas
asociadas á iniciativa
emprendedora analizando
os requirimentos dos
distintos postos de traballo e
actividades empresariais.
1.1. Identifica as calidades
persoais, actitudes,
aspiracións e formación
propias das persoas con
iniciativa emprendedora,
describindo a actividade dos
empresarios e as empresarias
e o seu rol na xeración de
traballo e benestar social.
CAA,
CCEC,
CCL,
CSC
1.2. Investiga con medios
telemáticos as diferentes
áreas de actividade
profesional do contorno, os CAA,
tipos de empresa que as CSIEE,
desenvolven e os diferentes CSC,
postos de traballo en cada CCL,
unha delas razoando os CDrequirimentos para o
desempeño profesional en
cada un deles.
2. Tomar decisións sobre 2.1. Deseña un proxecto de
o itinerario vital propio
comprendendo as
carreira profesional propia
relacionando as posibilidades CMCT
posibilidades de emprego,
autoemprego e carreira
profesional en relación coas
habilidades persoais e as
alternativas de formación e
aprendizaxe ao longo da
do contorno coas calidades e
aspiracións persoais
valorando a opción do
autoemprego e a necesidade
de formación ao longo da
vida.
,
CD,
CCL,

CAA,
CSIEE,
CSC
vida.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación proponse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe.O
cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán
substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliables Selección de evidencias para o portfolio

1.1. Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e as empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.
-Comparar habilidades persoais coas expostas en exemplos do texto.
-Describir as funcións das empresas.
-Identificar microempresas e pemes. Valorar a porcentaxe de poboación ocupada nelas. Realizar a mesma análise para as grandes empresas.
-Propoñer exemplos próximos e distinguir entre microempresas, pemes e grandes empresas.
-Comprender e coñecer as actitudes emprendedoras. Identificalas.
-Reflexionar sobre as propias habilidades e/ou actitudes emprendedoras.
1.2. Investiga con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas, razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.
-Investigar dentro do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais tratando de encontrar a familia profesional, cualificacións profesionais e unidades de competencia que mellor se adaptan ás súas expectativas e habilidades.
-Coñecer o concepto de familia profesional.
-Consultar a listaxe de familias profesionais no SEPE.
-Distinguir os requisitos esixidos para o exercicio profesional dunha actividade.
-Describir os postos de traballo e informarse sobre os seus requisitos para o caso dunha empresa do seu contorno.
2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais, valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
-Consultar o informe do SEPE «Perfís da oferta de emprego» e seleccionar unha profesión acorde coas súas expectativas, identificando as competencias requiridas, a formación necesaria, a distribución xeográfica da contratación e o desemprego.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS
Competencia Descritor Desempeño
Comunicación lingüística. Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
Explica con coherencia os temas formulados ao profesor ou á profesora ou aos seus compañeiros e compañeiras.
Comprender o sentido dos textos escritos.
Realiza con corrección as actividades tras a lectura dos seus enunciados.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
Realiza cálculos para a planificación de tempos e prazos.
Competencia dixital. Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
Manexar aplicacións informáticas de escritorio e en liña.
Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.
Manexa unha aplicación en liña para xestionar tempos e prazos.
Aprender a aprender. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
Recoñece os aspectos aprendidos na unidade.
Aprendizaxe cooperativa: xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
Participa nas dinámicas cooperativas desempeñando o rol que lle corresponde.
Intelixencias múltiples.
Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
Expresa de maneiras diversas aquelas características físicas e calidades físicas que o identifican.
Competencias sociais e cívicas.
Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
Acepta as ideas e opinións dos compañeiros e as compañeiras de forma positiva.
Educación en valores:mostrar dispoñibilidade para a

participación activa en ámbitos
de participación establecidos.
Esfórzase, atende, participa e
realiza as actividades con
interese.
Sentido de iniciativa e
espírito emprendedor.
Mostrar iniciativa persoal para
iniciar ou promover accións
novas.
Desenvolve ideas a partir das
que achegan outros
compañeiros e compañeiras.

Conciencia e expresións
culturais.
Expresar sentimentos e emocións
desde códigos artísticos.
Improvisa situacións onde
interpreta roles que lle
axudan a expresar as súas
ideas e sentimentos.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
-Discusións e traballo por parellas e grupos reducidos.
-Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
-Estruturas sinxelas de aprendizaxe cooperativa suxeridas na PD para que o alumnado traballe
obxectivos grupais e desenvolva a interdependencia positiva e interacción cara a cara.
-Iniciar as sesións partindo de imaxes ou debuxos que capten a atención do alumnado para facilitar
a aprendizaxe dos contidos da unidade.
-Secuenciación, lóxica, progresiva e práctica dos contidos e das actividades baseadas no método
de aprendizaxe por experiencia.
-Exposición docente.
7. RECURSOS
Para o tratamento da unidade, ademais dos temas, utilizaranse:

-Encerado tradicional ou dixital.
-Ordenador persoal.
-Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
-Lapis de cores e rotuladores.
8. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN
-Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
9. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
-Quedificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
-Como vou minimizar as dificultades?
-Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
-Querecursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

10. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO
-Queporcentaxe de alumnos e alumnas acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
-Que éo que mellor funcionou nesta unidade?
-Quecambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

1. Presentación da unidade 2
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliables/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: Descritores e Desempeños
6. Estratexias metodolóxicas
7. Recursos
8. Ferramentas de avaliación
9. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
10. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE 2
Título O mercado de traballo
Descrición da unidade
Na segunda unidade do libro, os contidos versan sobre o mercado de traballo. Decidiuse abordar o
tema comezando por dar unha visión xeral do seu funcionamento. De aí que a epígrafe primeira da
unidade teña un contido relacionado coa teoría económica. Ademais, aproveitamos para introducir
conceptos importantes relacionados con este mercado, como poboación activa, ocupada e
desempregada, así como taxa de desemprego.
Na segunda epígrafe abórdase o aspecto xurídico da relación laboral, citando as fontes que a regulan
así como os principios fundamentais. Para pechar a epígrafe, prestamos especial atención á norma
de referencia, o Estatuto dos Traballadores.
A terceira parte da unidade está dedicada ao contrato de traballo. No momento de escribir estas
liñas, existe na nosa economía unha diversidade abundante de contratos e así queda reflectido na
epígrafe. Intentamos ofrecer os aspectos distintivos de cada un deles. Poñemos atención, ademais, á
formación e composición do custo laboral para as empresas.
Pechamos os contidos da unidade atendendo outra gran fonte que regula a relación laboral, o
convenio colectivo e a súa orixe, a negociación colectiva. Como caso práctico incluímos a
formalización dun contrato de traballo baixo o modelo oficial co fin de achegar o alumnado a esta
realidade.

Temporalización: doce sesións.
Outubro: Novembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS
-Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras
e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.
-Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en
contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE
APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE
Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e
competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a
aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor
(CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Criterios Estándares de aprendizaxe

Contidos CC

de avaliación avaliables

-Oferta e demanda de
traballo.
-A relación laboral.
-O contrato de traballo.
-A negociación
colectiva.
1. Actuar como un futuro
traballador ou traballadora
responsable coñecendo os
seus dereitos e deberes
como tal, valorando a
acción do Estado e da
Seguridade Social na
protección da persoa
empregada así como
comprendendo a necesidade
de protección dos riscos
laborais.
1.1. Identifica as normas e
institucións que interveñen
nas relacións entre persoas
traballadoras e persoas
empresarias relacionándoas
co funcionamento do
mercado de traballo.
CSC,
CSIEE,
CCEC,
CAA,
CCL
1.2. Distingue os dereitos e
obrigas que se derivan das
relacións laborais
comprobándoos en contratos
de traballo e documentos de
negociación colectiva.
CSIEE,
CSC,
CAA,
CCL,
CD,
CMCT

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO
Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos e alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.
No anexo de avaliación proponse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe.O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliables Selección de evidencias para o portfolio

1.1. Identifica as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.
-Recoñecer os conceptos de oferta e demanda de traballo e os seus argumentos.
-Coñecer os conceptos de poboación activa, ocupada e desempregada.
-Calcular a taxa de desemprego da economía.
-Identificar as principais normas de dereito que regulan a relación laboral e os seus principios básicos.
-Consultar o Estatuto dos Traballadores con criterio.
1.2. Distingue os dereitos e obrigas que se -Discriminar, a partir da consulta do Estatuto

derivan das relacións laborais comprobándoos
en contratos de traballo e documentos de
negociación colectiva.
dos Traballadores ou dun convenio colectivo,
os dereitos e obrigas que se desprenden da
relación laboral.
-Cumprir un contrato de traballo.
-Coñecer os distintos tipos e características
dun contrato de traballo, así como os
requisitos principais para a súa celebración.
-Coñecer o concepto de negociación
colectiva e o seu alcance dentro da lexislación
vixente.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS
Competencia Descritor Desempeño
Comunicación lingüística. Expresar oralmente de xeito
ordenado e claro calquera tipo de
información.
Explica con coherencia os
temas formulados ao profesor
ou á profesora ou aos seus
compañeiros e compañeiras.
Comprender o sentido dos textos
escritos.
Realiza con corrección as
actividades tras a lectura dos
seus enunciados.
Competencia matemática
e competencias básicas en
ciencia e tecnoloxía.
Aplicar as estratexias de
resolución de problemas a
calquera situación problemática.
Realiza cálculos para a
planificación de tempos e
prazos.
Competencia dixital. Comprender as mensaxes
elaboradas en códigos diversos.
Manexar aplicacións informáticas
de escritorio eonline.
Interpreta con corrección o
apoio visual para a
realización da actividade.
Manexa unha aplicación
online para xestionar tempos
e prazos.
Aprender a aprender. Avaliar a consecución de
obxectivos de aprendizaxe.
Recoñece os aspectos
aprendidos na unidade.
Aprendizaxe cooperativa: xerar
estratexias para aprender en
distintos contextos de
aprendizaxe.
Participa nas dinámicas
cooperativas desempeñando o
rol que lle corresponde.
Intelixencias múltiples:
Identificar potencialidades
persoais como aprendiz: estilos
de aprendizaxe, intelixencias
múltiples, funcións executivas.
Expresa de maneiras diversas
aquelas características físicas
e calidades físicas que o
identifican.
Competencias sociais e
cívicas.
Recoñecer riqueza na diversidade
de opinións e ideas.
Acepta as ideas e opinións
dos compañeiros e as
compañeiras de forma
positiva.
Educación en valores:mostrar
dispoñibilidade para a

participación activa en ámbitos
de participación establecidos.
Esfórzase, atende, participa e
realiza as actividades con
interese.
Sentido de iniciativa e
espírito emprendedor.
Mostrar iniciativa persoal para
iniciar ou promover accións
novas.
Desenvolve ideas a partir das
que achegan outros
compañeiros e compañeiras.

Conciencia e expresións
culturais.
Expresar sentimentos e emocións
desde códigos artísticos.
Improvisa situacións onde
interpreta roles que lle
axudan a expresar as súas
ideas e sentimentos.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
-Discusións e traballo por parellas e grupos reducidos.
-Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
-Estruturas sinxelas de aprendizaxe cooperativa suxeridas na PD para que o alumnado traballe
obxectivos grupais e desenvolva a interdependencia positiva e interacción cara a cara.
-Iniciar as sesións partindo de imaxes ou debuxos que capten a atención do alumnado para facilitar
a aprendizaxe dos contidos da unidade.
-Secuenciación, lóxica, progresiva e práctica dos contidos e das actividades baseadas no método
de aprendizaxe por experiencia.
-Exposición do docente.
7. RECURSOS
-Encerado tradicional ou dixital.
-Ordenador persoal.
-Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
-Lapis de cores e rotuladores.
8. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN
-Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
9. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
-Quedificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
-Como vou minimizar as dificultades?
-Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
-Querecursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?
10. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO
-Queporcentaxe de alumnos e alumnas acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?

-Que éo que mellor funcionou nesta unidade?
-Quecambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

1. Presentación da unidade 3
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliables/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: Descritores e Desempeños
6. Estratexias metodolóxicas
7. Recursos
8. Ferramentas de avaliación
9. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
10. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE 3
